

CONCURSO DE MICRORRELATOS

BASES DO CONCURSO DE MICRORRELATOS DO SAMAIN

1. OBXECTO:

Dar visibilidade ao comercio local e asociacións comerciais da vila de Cangas, ademais de promover a normalización e o uso do galego en todos os espazos da vida cotiá.

2. PARTICIPANTES:

Poderán participar as **persoas mozas de entre 12 e 18 anos**.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN:

A extensión dos microrrelatos non deberá superar as 350 palabras (sen incluír o título). Os microrrelatos deberán estar escritos obrigatoriamente en galego, deberán ser orixinais inéditos (é dicir, non publicados en ningún medio nin soporte) e non deberan recibir previamente ningún premio nin accésit noutro certame nin concurso.

A temática deberá centrarse no Samaín e estar relacionada co comercio local de Cangas.

Só poderá presentarse un microrrelato por persoa.

Os traballos deberán ser enviados, antes do **venres 24 de outubro de 2025 ás 15:00 horas**, mediante correo electrónico ó enderezo: **dlocal@cangas.gal**, con dous arquivos adxuntos en pdf:

Arquivo pdf 1: folla de inscrición cuberta (achégase como anexo)

Arquivo pdf 2: o relato. O nome do arquivo será o título do relato. É importante, para garantir o anonimato, que no relato non figure ningún título identificativo do autor ou autora.

4. XURADO E CRITERIOS DE VALORACION:

O xurado estará composto por:

Presidenta. Concelleira de Promoción Económica ou persoa en quen delegue.

Secretaria: Axente de desenvolvemento local do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

Vogal 1: Presidenta de ACICA ou persoa en quen delegue.

Vogal 2 Presidente de Cangas Vella ou persoa en quen delegue.

Vogal 3 Técnica de normalización lingüística do Concello de Cangas ou persoa en quen delegue.

O xurado deberá valorar os seguintes criterios:



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas

- Calidade lingüística: de 0 a 10 puntos
- Creatividade: de 0 a 10 puntos
- Visibilidade do comercio local: de 0 a 10 puntos

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúna os méritos suficientes para seren premiados.

O xurado terá competencia para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

O ditame do xurado darase a coñecer o xoves 30 de outubro a través da web e redes sociais do Concello de Cangas e Fecimo. Enviarase comunicación á prensa local.

5. PREMIOS:

O importe dos premios será o seguinte:

- **Primeiro premio:** vale de compra de 100€.
- **Dous accésits** cun vale de compra de 50€ cada un.

Os premios entregaranse o vernes 31 de outubro ás 20:30 no Palco da Música da Alameda Vella .

Os traballos premiados pasarán a ser propiedade do Concello de Cangas.

6. PUBLICIDADE:

As bases serán publicadas na web do Concello de Cangas e de FECIMO.

Cangas, 15 de outubro de 2025.



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas

ANEXO I

FOLLA DE INSCRICIÓN CONCURSO MICRORRELATOS

TÍTULO DO RELATO:

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO POSTAL:

LOCALIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Cangas, de outubro de 2025

Asdo:

***Data límite de presentación venres 24 de outubro de 2025 ás 15:00 horas.**



ACICA
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES
E INDUSTRIAIS DE CANGAS



Concello de Cangas